

ITINERARIOS E XEOGRAFÍAS

*Canto custa instalarse no amor (poemas de conflictos redondeados no tempo)*¹ é a primeira entrega poética de Xosé Leira López. O libro confórmase como un itinerario que, na súa primeira parte -"Andiven a buscarte na túa ausencia"-, o eu poético percorre só na busca da amada mentres vai interpretando os rastros que ela deixa. Desde o desconcerto propio dun ser que vive na escuridade e o silencio comeza a esculca dalgún indicio claro de cal é o escondite da muller. Igual que un cego, o eu poético devala por unha cidade que se volve cómplice na fuga dela e que garda sinais inequívocos do seu paso

atolondrado,

non souben

buscarte

entre as escumas do mar

A dor da incertidume é tan fonda que conleva actos irracionais de demostración: "*despintei/ as paredes/ do cuarto,/ a causa do teu silencio*" mentres o cerco se vai estreitando e se comeza a albiscar o final do túnel. O silencio dos primeiros poemas, a brevidade cómplice do axexo, vaise rompendo en textos cada vez máis longos. Os «flashes» na escuridade absoluta que o abafaba deixan paso, conforme se sente cerca da muller esquiva, á luminosidade, á música e as cores. O código morse dos tacóns dela sobre os adoquíns guíanos ata un tempo en que "*Xa medran as follas das nosas plantas*" cando se consuma a unión de ambos.

ocultáche

detrás das esquinas

dos meses

e de moitos anos

estalaron os patriarcados

cando collíche-la miña man

¹ Espiral Maior, A Coruña, 1996

Ela é agora un ser necesario para o eu poético que vai deixando as súas pegadas -igual que antes impregnou co seu rastro o mundo circundante- sobre todos os elementos que conforman o seu espacio vital. Novamente o ámbito do sensorial consolídase como o territorio da muller. Ela marca cos seus cabelos os libros, transfórmase en música, logra a floración das hortensias en xaneiro e, finalmente, é o centro do universo masculino, a guía que decide os itinerarios vitais del

somentes Ti
es a depositaria
do fío conductor
que atravesa
os espacios da miña vida

Ser tremendamente versátil, a muller inicia un itinerario propio polo espacio vital do eu colonizando, ó seu paso, novos territorios e facéndose dona dos misterios máis profundos. A vida e o riso residen nela que tamén agocha o segredo do veneno capaz de arrebatarlle ó eu poético os "*utensilios de namorar*" e o poder de terxiversar o mundo circundante ata ser capaz de reducir "*as tonalidades das mapoulas*".

Mais o eu poético, consciente de que "*Non somos soamente nós sós*", percorre o mapa das ausencias e o pasado. Nel están inscritos os nomes de Amador Rey e Daniel Niebla, as revoltas estudiantís, a xuventude reaccionaria que se foi. Tamén nesta viaxe está a muller, transformada agora en patria, á que arrancar os vestidos grises impostos para soñala engalanada de azul e branco. Despois do percorrido pola súa xeografía vital, só queda para el a certeza da incertidume absoluta sobre os motores que gobernan a súa vida

a incertidume dos teus pasos amados
a incertidume da miña cidade quente
a incertidume do noso pequeno país
a incertidume dos buratos da bóveda do planeta
esa é a miña profunda certeza

E "*Cando todo se anda a misturar*" vólvese iniciar unha nova volta no espiral da vida, percorrida agora en compañía da amada. É a relación amorosa a que marca o seu itinerario pois, como un gato que escapa mentres outro o segue, vaise devalando

entre o acibro de San Xirald de Aurillac, a arte de Triacastela, os cantos do medievo nos que ela foi mestra de trovadores, o rito das ablucións en Labacolla e pequenos elementos do mundo da artesanía -encaixe de Camariñas, barro de Bonxe- nos que, sempre, está presente a pegada feminina. Pois ela xa non é exclusivamente unha muller senón a forza planetaria primixenia que rexe o mundo do eu poético, o centro cósmico da vida, a daga que vence ó barqueiro estixio

gravei

o teu perfil no

centro do ar do

centro da praza central

da miña cidade

E, desde o centro, non cabe máis itinerario que o circular, iniciar unha e outra vez as rutas do amor e ir deixando pegadas nas etéreas xeografías do corpo feminino como quen fai riscos na codia da terra.

TERESA SEARA

A Nosa Terra, 723, 25-4-1996, p.24